

Luns, 16 de novembro de 2020

Núm. 221

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

**GROVE, O**

#### **Subvencións e axudas**

##### *BASES DE SUBVENCIONES A CLUBS DEPORTIVOS*

### **BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DO GROVE. ANO 2020**

#### *PRIMEIRA. OBXECTO*

É obxecto das presentes bases regular as normas polas cales se rexerá a concesión en concorrencia competitiva de subvencións aos clubs deportivos deste concello para sufragar parte dos gastos que lles ocasione a promoción de actividades deportivas de interese municipal, fundamentalmente aquelas que apoien o deporte de base.

#### *SEGUNDA. IMPORTE DAS SUBVENCIONES*

A contía global das subvencións será acordada anualmente pola Xunta de Goberno con cargo ao crédito da partida 34148000 do Orzamento municipal neste ano 2020, e non poderá superar a contía global de 70.000 €. Este importe será repartido entre os clubs solicitantes segundo os criterios que se establecen na base novena, sen que a concesión implique para o beneficiario dereito ningún en anos posteriores.

Os clubs que non acaden un mínimo de 30 licenzas tamén poderán optar á axuda. Para estes resérvanse 5.000 euros da partida de Deportes.(Valoraranse todos os apartados de acordo coas presentes bases, excepto o relativo ás licenzas).

#### *TERCEIRA. ENTIDADES BENEFICIARIAS*

Poderán solicitar estas axudas, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Que sexan asociacións ou entidades deportivas validamente constituídas sen ánimo de lucro e teñan o seu domicilio social no concello do Grove.
- Que as asociacións ou entidades deportivas realicen actividades de interese municipal e certifiquen un mínimo de 30 deportistas federados dos que un mínimo do 50% deben pertencer ás categorías base (entendéndose por base: de benxamín a xuvenil). Non computan aquí as licenzas escola.
- Excepcionalmente, para o caso de que un club non cumpra os requisitos do apartado anterior e sempre que si contara con elas os 5 anos anteriores, permitirase que opte á solicitude desta subvención municipal.



Luns, 16 de novembro de 2020

Núm. 221

- Que as asociacións ou entidades deportivas se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) do Concello do Grove cun mínimo de 3 anos de antigüidade.
- Que os clubs lles permitan o desenvolvemento da súa actividade aos fillos/as de socios/as e non socios/as.
- Que desenvolvan a súa actividade, como mínimo, 11 meses ao ano, con horarios de adestramentos fixos e semanais.
- Que participen en competición federada (podendo ser unha federación oficial ou asociación independente que exerza estas funcións por carecer esta disciplina deportiva de federación oficial), sendo obrigatorio participar, como mínimo, no 50% dos eventos deportivos federados que oferte a federación (ou asociación) en cuestión.
- A subvención concedida nunca poderá superar o 40% do orzamento total presentado.

Non poderán ser destinatarios de subvención as sociedades anónimas deportivas ou outras asociacións, clubs ou entidades con ánimo de lucro.

#### *CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES*

O orzamento financiable está composto polos seguintes gastos subvencionables:

- Gastos federativos, entendendo como tales os gastos necesarios para a participación das entidades nas competicións deportivas, licenzas, inscricións en competición oficiais, mutualidades, seguros deportivos e outros seguros contratados relacionados coa actividade subvencionada, gastos de arbitraje e xuíces deportivos, etc.
- Gastos de vestimenta deportiva do club ou entidade. Agás que sexan adquiridos polo club ou entidade coa intención de obter algunha contraprestación económica pola súa entrega ou reparto.
- Produtos básicos de farmacia/botica de primeiros auxilios.
- Gastos relacionados co transporte e medios de transporte utilizados para asistir a adestramentos e competicións.
- Gastos relacionados co material deportivo non inventariable, agasallos e trofeos.
- Gastos de ambulancias ou servizos sanitarios.
- Gastos relacionados co alugamento de instalacións deportivas (luz, auga, gas...) alugamento de vehículos e material deportivo para o desenvolvemento de adestramentos ou competicións.
- Gastos derivados da contratación de persoal, incluídos as retribucións brutas e a cota empresarial da Seguridade Social.
- Gastos relacionados coa publicidade e xestión administrativa da competición (teléfono, imprenta e material administrativo).
- Gastos relacionados pola compra de produtos para a prevención da COVID-19.



Luns, 16 de novembro de 2020

Núm. 221

*QUINTA. TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES*

1.º As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello do Grove (<https://concellodogrove.sedelectronica.gal/>), de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas (LPACAP).

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica do Concello do Grove admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve e certificados electrónicos (incluídos o DNIE).

2.º O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación no BOP destas bases.

*SEXTA. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR POLOS CLUBS SOLICITANTES*

Xunto coa solicitude, as persoas interesadas deberán presentar a seguinte documentación:

1) Documentación xustificativa dos requisitos de carácter xeral:

- Certificación da federación correspondente en que conste que o club solicitante se atopa na actualidade de alta con actividade propia.
- Certificado de estar ao corrente e sen débedas na Axencia Española de Administración Tributaria (AEAT), na Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) e na Seguridade Social.

2) Documentación xustificativa para avaliar e ponderar a contía da subvención:

- Certificación da federación correspondente onde conste o número de fichas federativas expedidas na tempada xa rematada para os deportes de ano natural (tempada de xaneiro a decembro) e da tempada actual para deportes con ligas parecidas ao calendario escolar (tempada de agosto a xuño) e constando nesta certificación a categoría na que compiten os deportistas.
- Certificación do/a presidente/a do club e ou federación onde conste o número de adestradores/as titulados/as que imparten os adestramentos nas distintas categorías, acompañada das copias dos seus títulos ou da certificación da federación.
- Certificación federativa en que conste a categoría en que militaron os distintos equipos da entidade durante a tempada xa rematada para os deportes de ano natural (tempada de xaneiro a decembro) e da tempada actual para deportes con ligas parecidas ao calendario escolar (tempada de agosto a xuño).
- Memoria deportiva asinada polo/a presidente/a do club onde se describirán as actividades realizadas e as competicións en que se participou na tempada anterior, o número de deportistas participantes, cantidade de socios, así como os resultados xerais, títulos e clasificacións obtidas.
- Memoria de actividades da escola deportiva. Esta poderá estar incluída dentro da memoria deportiva, pero nun apartado específico.



Luns, 16 de novembro de 2020

Núm. 221

- Orzamento, este debe ter unha estimación dos gastos subvencionables por esta convocatoria (base cuarta). Ademais, respecto a este punto, o club terá que ter en conta dúas premisas de cara á xustificación.

Debe incluír unha estimación o máis axustada posible á realidade, xa que terá a obriga de xustificar o 100% dos gastos presentados no orzamento; no caso contrario, aboaráselle soamente a parte proporcional da subvención.

O orzamento presentarse en conceptos e subconceptos. A desviación máxima no custo dos diferentes conceptos non poderá superar o 20% con respecto ao orzamento inicial. De ser así levarase a cabo a redución pertinente.

- Os eventos que son subvencionados polo Concello non poden aparecer no orzamento.

A comisión de valoración poderá solicitar cantos informes estime necesarios para resolver:

- Outros datos de interese que poidan dar fe das actividades dos clubs.
- Declaración responsable doutras axudas (anexo III).

Os clubs que incorran en falsidade de datos poderán perder o total da subvención. Estes datos serán contrastados coas federacións e poderán ser supervisados a través das actas de competición para constatar que realmente as fichas presentadas son reais e non estean só para completar equipos.

#### *SÉTIMA. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E A SÚA EMENDA.*

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán efectualos de forma electrónica a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible na sede electrónica do Concello do Grove.

No caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada que no prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, non caso de non o facer, se terá por desistida a súa petición, que se arquivará sen máis trámites.

#### *OITAVA. NOTIFICACIÓNS.*

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran 10 días hábiles desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



Luns, 16 de novembro de 2020

Núm. 221

## NOVENA. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS

Para a concesión das axudas constituirase unha comisión avaliadora integrada por tres persoas, entre as que estarán, a técnica auxiliar de Deportes e o concelleiro delegado de deportes. A Xunta de Goberno Local, con base na documentación achegada polos clubs, e tras a proposta da Comisión de Avaliación, acordará o reparto das subvencións no presente ano, segundo as normas que se detallan a continuación.

O reparto de puntos para os deportes de pelota realizarase atendendo ao número de equipos federados segundo categoría e ao número de fichas federadas dentro de cada categoría. Para os deportes atléticos e de navegación, o valor de puntuación corresponderá unicamente ás licenzas.

Criterios para a puntuación e cálculo das subvencións.

### 1. Deportes de pelota

Os deportes de pelota puntúanse segundo a súa categoría e zona onde compitan consonte o baremo seguinte:

CATEGORÍA	ZONAL			PROVINCIAL			AUTONÓMICO		
	DE 3 A 9	DE 10 A 15	+ DE 15	DE 3 A 9	DE 10 A 15	+ DE 15	DE 3 A 9	DE 10 A 15	+ DE 15
BENXAMÍN	5	8	10	7	10	12	8	11	13
ALEVÍN	5	8	10	7	10	12	8	11	13
INFANTIL	10	14	18	12	16	20	14	18	22
CADETE	10	14	18	12	16	20	14	18	22
XUVENIL	10	14	18	12	16	20	14	18	22
SÉNIOR	8	12	16	10	14	18	12	16	20

As fichas puntúanse segundo a categoría e a zona onde compitan co baremo seguinte para a categoría masculina, e cun 10% a maiores para a categoría feminina:

COMPETICIÓN	ZONAL	PROVINCIAL	AUTONÓMICO
BENXAMÍN	0,6	0,7	0,8
ALEVÍN	0,6	0,7	0,8
INFANTIL	0,8	1	1,2
CADETE	0,8	1	1,2
XUVENIL	0,8	1	1,2
SÉNIOR	0,6	0,7	0,8

### 2. Os deportes atléticos e de navegación

Entendendo como deportes atléticos: o atletismo, a ximnasia, o ciclismo..., e deportes de navegación: de vela, o remo e o piragüismo.

Deportes como a ximnasia, atletismo, piragüismo, remo, ciclismo ou outros similares, o valor da puntuación corresponderá unicamente ás licenzas.

DEPORTE INDIVIDUAL	
CATEGORÍA	PUNTOS/FICHA
BENXAMÍN	2
ALEVÍN	2
INFANTIL	3
CADETE	3
XUVENIL	3
SÉNIOR	2



Luns, 16 de novembro de 2020

Núm. 221

As licenzas femininas terán un 10% de valor engadido para promover a práctica deportiva entre as mulleres da nosa vila.

3. Os adestradores titulados con licenza en vigor expedida pola federación correspondente valoraranse seguindo a táboa, puntuándose só a titulación máis alta de cada adestrador.

CATEGORÍA	PUNTUACIÓN
Monitor/a	1
Adestrador/a nivel I, II, rexional, territorial ou provincial, técnico/a deportivo/a en actividade física	2
Adestrador/a nacional	3
Licenciado/a-Graduado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte	3

\*Hai federacións deportivas onde non se convocan cursos de formación de monitores/as nin adestradores/as desde hai moitos anos, polo que lles imposibilita a estes clubs teren adestradores/as formados/as. A estes clubs poderáselles recoñecer a súa experiencia e valoralos como monitores/as só ata o momento en que a federación correspondente convoque un curso oficial.

4. Pola participación en campionatos do máximo nivel (de Europa e mundiais) de carácter oficial e ámbito federativo, durante o ano anterior á publicación destas bases:

- Participación en campionatos do Mundo de 3 ou máis deportistas: 18 puntos
- Participación en campionatos do Mundo de 1 ou 2 deportistas: 15 puntos
- Participación en campionatos de Europa de 3 ou máis deportistas: 15 puntos
- Participación en campionatos de Europa de 1 ou 2 deportistas: 10 puntos

Unha vez puntuados todos os equipos, adestradores/as titulados/as e participacións en campionatos internacionais, sumaranse todos os puntos obtidos polos clubs.

O importe destinado a esta subvención repartirase, proporcionalmente, segundo os puntos obtidos por cada club.

A Xunta de Goberno Local acordará o reparto das subvencións que regulan estas bases atendendo aos criterios expostos.

#### *DÉCIMA. XUSTIFICACIÓN DAS CANTIDADES SUBVENCIONADAS E PAGAMENTO.*

A. O importe da subvención anual deberá xustificarse antes do 15 de decembro.

B. Para aboar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xeral” dispoñible na sede electrónica do Concello do Grove.

1. Conta xustificativa (anexo II) na que se relacionarán os conceptos de gastos por un importe igual ou superior ao orzamento presentado coa solicitude.

2. Facturas oficiais (orixinais ou copias autenticadas) e que cumpran os requisitos legais, expedidas a nome do club, onde conste a subministración ou servizo prestado polo/a provedor/a. Deben ter relación directa coas actividades subvencionadas. Cando sexan facturas pagadas en metálico (< 500 €), debe constar ademais o pagado ou xustificante de recepción emitido pola empresa, selado e rubricado (nome e DNI ou CIF e sinatura).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: PWA9JEQRL35SPZKN



Luns, 16 de novembro de 2020

Núm. 221

2. Nóminas de salarios e RNT e RLT (antigos TC1 e TC2) da Seguridade Social do persoal contratado polo club (adestradores/as de base).

3. Recibos onde consten as cotas pagadas por fichas, arbitrxes ou taxas, acompañados da correspondente certificación da federación da dita disciplina deportiva.

4. En todo caso, a xustificación da subvención concedida deberá incluír os documentos que acrediten o pagamento dos gastos xustificadas, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que consideren gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Para importes superiores a 500,00 euros deberá achegarse unha copia de transferencia bancaria.

5. Todos os clubs con subvención superior a 6.000 euros terán que levar na súa vestimenta (chándal e camiseta de competición) de forma visible, o logotipo do Concello do Grove e, no caso de disporen de furgoneta, un adhesivo nesta co logotipo do Concello do Grove. Deberá acreditarse documentalmente (fotografía).

Non se admitirán xustificantes que non teñan relación clara e directa cos gastos derivados das actividades que se subvencionan nin cos criterios polos cales se avaliaron nin que a súa data sexa de exercicio diferente ao da concesión.

C. Declaración xurada do/a presidente/a do club onde conste que o total da subvención outorgada polo Concello sumada ás subvencións obtidas doutras administracións públicas non superou o importe total dos gastos. En caso de que fose superior, diminuírase a achega municipal.

D. Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100% do orzamento presentado aboarase a totalidade da subvención concedida.
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100% aboarase a parte proporcional da subvención.
- A desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado non poderá superar o 20%. De ser así, levarase a cabo a redución pertinente.

Os beneficiarios das subvencións deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados o beneficiario, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, etc.)

Se unha vez requirido o reintegro das cantidades indebidamente percibidas polo club, este non se produce dentro dos prazos establecidos, procederase pola vía executiva cos xuros de constrinximento que correspondan.

As cantidades subvencionadas pagaranse atendendo ás previsións da Tesourería municipal. Poderá anticiparse o 50% do seu importe logo da xustificación, como mínimo, da citada cantidade.



Luns, 16 de novembro de 2020

Núm. 221

Para todo o non previsto nestas bases estarase á normativa xeral:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Jose A. Cacabelos Rico  
Alcalde do Ilmo. Concello do Grove  
Documento asinado electronicamente.

Santiago M. Meis Otero  
Concelleiro de Deportes





Luns, 16 de novembro de 2020

Núm. 221

**BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A CLUBS DO  
CONCELLO DO GROVE (Folla de solicitude – Anexo I)**

Nome do club:	
Enderezo:	
CIF do club:	Teléfono:
Fax:	Correo electrónico:
Nome do/a representante:	
Cargo directivo:	
NIF do/a representante:	Teléfono móbil:
Documentación achegada: <ul style="list-style-type: none"><li><input type="checkbox"/> Certificación da federación correspondente en que conste que o club solicitante se atopa na actualidade de alta con actividade propia.</li><li><input type="checkbox"/> Certificación da Axencia Tributaria (AEAT e Atriga) onde conste que o club non ten débedas e está ao corrente nas súas obrigacións tributarias.</li><li><input type="checkbox"/> Certificación da Seguridade Social onde conste que o club non ten débedas e está ao corrente nas súas cotizacións sociais.</li><li><input type="checkbox"/> Certificación da federación correspondente onde conste o número de fichas federativas expedidas na tempada anterior e desagregadas por categorías.</li><li><input type="checkbox"/> Certificación do/a presidente/a do club onde conste o número de adestradores/as titulados que imparten os adestramentos nas distintas categorías, acompañada das copias dos seus títulos.</li><li><input type="checkbox"/> Memoria deportiva asinada polo/a presidente/a do club onde se describen as actividades realizadas e as competicións en que se participou na tempada anterior, o número de deportistas participantes, así como, dos resultados xerais, títulos e clasificacións obtidas.</li><li><input type="checkbox"/> Memoria de actividades da escola deportiva.</li><li><input type="checkbox"/> Memoria económica, asinada polo/a presidente/a, onde se detallan os gastos e ingresos anuais da tempada anterior. Deberase acompañar das contas anuais aprobadas en Asemblea do ano anterior.</li><li><input type="checkbox"/> Certificado expedido pola entidade bancaria do número de conta bancaria para o pagamento.</li></ul>	
Sinatura do/a representante:	Selo do club:
O Grove, ____ de _____ de 20__	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:PWA9JEQRL35SPZKN



Luns, 16 de novembro de 2020

Núm. 221

**CONTA XUSTIFICATIVA (Anexo II)**

Ano de concesión: \_\_\_\_\_

Importe subvencionado: \_\_\_\_\_

Finalidade da subvención: \_\_\_\_\_

Persoa/Entidade: \_\_\_\_\_ NIF/CIF: \_\_\_\_\_

Domicilio: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_

Código Postal: \_\_\_\_\_

Número de conta bancaria: \_\_\_\_\_

**Estado de gastos. XUSTIFICANTES QUE SE ACHEGAN:**

	CONCEPTO	PROVEDOR/EMPRESA	N.º FACTURA	IMPORTE
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				

<b>TOTAL</b>	
--------------	--

**Estado de ingresos (subvencions percibidas, achega dos socios, ingresos de patrocinio...):**

	CONCEPTO	ENTIDADE/EMPRESA	Estado (comprometido ou percibido)	IMPORTE
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				

<b>TOTAL</b>	
--------------	--



Luns, 16 de novembro de 2020

Núm. 221

Lugar e data \_\_\_\_\_

Sinatura: \_\_\_\_\_

*Requisitos da factura:*

- 1 *Número de factura.*
- 2 *Datos referidos ao/á expedidor/a e destinatario/a da factura: nome, apelidos ou denominación social da entidade; NIF/CIF; domicilio; poboación, código postal e concello.*
- 3 *Concepto e prezo total con IVE, que estará detallado, incluído ou exento.*
- 4 *Lugar e data da emisión da factura...*



Luns, 16 de novembro de 2020

Núm. 221

**DECLARACIÓN**  
**(Anexo III)**

Don/a.....,  
con DNI ....., actuando en representación  
do.....

DECLARO:

- 1 Que o total da subvención outorgada polo Concello sumada ás recibidas por outras administracións públicas non superou o importe total dos gastos.
- 2 Que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2 d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 3 Que a entidade ou organismo ao que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións do Concello do Grove, ás que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 4 Que a entidade ou organismo ao que represento está ao corrente na súas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración.

O Grove, ..... de ..... de 20.....

.....  
(Sinatura)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:PWA9JEQRL35SPZKN

